

*Servizo de Sanidade Ambiental*

<b>Asunto</b>	CONTESTACIÓN Á RESPONDA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
<b>Proxecto</b>	PARQUE EÓLICO RODICIO II
<b>Promotor</b>	GREENALIA WIND POWER, SLU
<b>Localización</b>	CONCELLOS DE MACEDA E MONTEDERRAMO
<b>Expediente</b>	IN408A 2020/42

**SOLICITANTE :** Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

#### **FEITOS :**

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 06/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1779901, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 11/07/2022 .

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

#### **INFORME:**

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requerimentos feitos no informe previo. Non obstante, sinalar que as medicións dos niveis preoperacionais están feitas en receptores distintos que os que se empregaron para a modelización dos niveis sonoros que xerará o parque, inda que estas deben ser realizadas nos mesmos receptores para poder empregar os resultados preoperacionais para a modelización dos niveis sonoros.

Tendo en conta os niveis sonoros recollidos no estudo preoperacional espérase que non se superen os limiares establecidos na lexislación durante a explotación do parque, sendo importante que durante o seguimento destes niveis, tanto na fase de obra como de explotación, este se leve a cabo, como mínimo, nos receptores recollidos no estudo preoperacional.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

